PROCEDEMENTO E PRAZOS PARA O EXERCICIO DO VOTO POR CORREO

Artigo 30. Do voto por correo.

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da asemblea xeral naqueles estamentos integrados por persoas físicas.

2. En ningún caso as persoas electoras que solicitaran o exercicio do dereito a voto por correo poderá emitir o voto de forma presencial.

3. As persoas electoras poderán emitir o seu voto por correo, de conformidade co seguinte procedemento:

a) A persoa electora solicitará por escrito o seu dereito ao voto por correo á xunta electoral interesando a súa inclusión no censo especial de voto por correo. Dita solicitude deberá realizarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días despois da publicación do censo definitivo, cumprimentando o documento normalizado que se axustará o anexo do presente regulamento electoral. Diariamente a xunta electoral remitirá electrónicamente á Secretaria Xeral para o Deporte un listado nominal coas solicitudes de voto por correo solicitadas o día anterior. Non poderán incluírse no censo de persoas con dereito a exercer o voto por correo aqueles electores que non figurasen nos listados nominais, incluído o listado do último día de prazo para solicitalo remitido á Secretaria Xeral para o Deporte.

b) A solicitude presentarase persoalmente, exhibindo o DNI, pasaporte ou autorización de residencia ante a secretaría da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno, na sede federativa na Rúa Castelao nº 21, entrechán nº 2 de LUGO-27001 e que deberá trasladala solicitude á xunta electoral.

c) No caso de enfermidade ou incapacidade que impida a presentación persoal da solicitude, deberá acreditarse tal extremo mediante certificado médico e poderá ser exercido ese dereito en nome da persoa electora mediante representación autorizada notarialmente e por documento que se estenderá individualmente en relación con cada persoa electora e sen que no mesmo poida incluírse a varias persoas electoras, non podendo unha persoa representar a mais dun elector. Nestes casos, a xunta electoral comprobará, en cada caso, a concorrencia das circunstancias ás que se refire este apartado.

d) Recibida a solicitude, a xunta electoral comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral.

e) O censo de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaria Xeral para Deporte, e publicarase ademais na páxina web da federación e no taboleiro de anuncios da mesma.

f) A xunta electoral enviará á persoa electora por correo certificado dous sobres electorais (sobre 1 "de votación" e sobre 2) e as papeletas de todas as candidaturas, así como un certificado orixinal autorizando o voto por correo, ao domicilio indicado na súa solicitude ou no seu defecto ao que figure no censo.

g) A presentación dos votos poderá realizarse en calquera das oficinas de correos con seis días hábiles de antelación á data da realización das eleccións presenciais. Non serán admitidos os sobres depositados con data posterior, debendo indicar no enderezo que vai dirixido á Secretaria Xeral para o Deporte que custodiará esta documentación ata o día da votación.

h) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre 1 da votación do estamento e, no seu caso, especialidade á que pertenza. Posteriormente, unha vez na oficina de Correos, exhibirá a súa identificación e o certificado. O funcionario de correos procederá de conformidade coas instrucións que figuran no sobre e selará o certificado. Unha vez feito isto, o sobre coa votación introdúcese dentro do sobre 2 que vai dirixido á mesa electoral, xunto coa certificación federativa selada e que autoriza o voto por correo e pecharase, sendo selado polo funcionario de correos e entregado nesa oficina.

4. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.

5. O sobre que remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os datos que figuran no Anexo I de este Regulamento.

6. O elector que solicitara o voto por correo e esté no listado do mesmo, non figurará no listado para realizar o voto presencial, non podendo realizar este, unicamente o de correo.